

O sistema xeral viario do territorio de Zas identifícase nos correspondentes Planos de Ordenación de estrutura xeral e orgánica, a escala 1/5.000.

2.2.- Sistema Local Viario:

Comprende o conxunto de terreos e infraestruturas que complementan ó Sistema Xeral Viario e que, polo seu carácter local, establecen os accesos a edificios e propiedades, forman parte do trazado de pistas froito da concentración parcelaria e forestal. Comprende ademais a rede viaria de carácter urbana non incluída no sistema xeral.

Aos efectos de ampliación e mellora de viais de sistema local en Solo Rústico considérase unha sección transversal cun largo mínimo de 6,00 m.

2.3.- Sistema de camiños antigos e rutas históricas:

Está composto polas rutas e camiños antigos que se conservan total o parcialmente e que se recoñeceron e inventariaron ó obxecto de establecer unhas condicións particulares de uso.

- *Camiño entre a Ría de Camariñas e Compostela:*

Trátase dun camiño de orixe romana que atravesa as parroquias de Brandoñas e Brandomil e cruza o Río Xallas na ponte de Brandomil.

Con posterioridade foi usado como camiño de Santiago desde os portos de Muxía e Camariñas (segundo a bibliografía).

Hoxe en día consérvanse algúns tramos no termo municipal de Zas. Parte do camiño na parroquia de Brandoñas é ocupado polas augas do encoro, anque grande parte do ano pode ser percorrido ao baixa-lo nivel do mesmo. En Brandomil foi destruída unha parte polas obras da concentración parcelaria. A ponte de Brandomil encóntrase hoxe en día restaurada e en perfectas condicións para uso peonil.

3.- CONDICIÓN DE USO DO SISTEMA VIARIO:

a) No Solo non clasificado como Urbano polo presente Plan.

A rede viaria e en xeral toda a zona de influencia estará suxeita ás limitacións establecidas na Lei 4/1994 de estradas de Galicia ou no seu caso no disposto polo organismo competente que ostente a titularidade.

No Anexo III da presente Normativa expónse un cadro de limitacións e servidumes na zona de influencia das estradas.

b) No Solo Urbano.

Conforme á lexislación de estradas e previo informe do organismo titular, o sistema viario estará definido no Solo Urbano mediante as aliñacións establecidas no presente Plan Xeral.

A efectos de tramitación dos tramos urbanos de estradas e das travesías, considerarase este Plan Xeral no seu conxunto como "Proxecto de delimitación dos tramos de estrada comprendidos en zona urbana".

- PARROQUIA DE MUÍÑO

A parroquia de Muíño pertence na súa práctica totalidade á conca do Xallas presentando, polo tanto, unha orientación das súas ladeiras predominantemente cara o sur. Xunto a Brandomil e Brandañas forma grupo de tres parroquias vinculadas á Bisbarra do Xallas.

Muíño constitúe a parroquia de maior extensión superficial pese a que os seus asentamentos se concentran nun área moito máis reducida en torno ao Rego de Fonte e conformando un espazo agrícola que se percebe nunha conca visual de forma redondada e ben estruturada. O resto da súa superficie ten unha vocación netamente forestal.

Ao igual que Meanos está atravesada pola estrada municipal que en dirección norte-sur vertebra a parte sur do termo municipal.

- PARROQUIAS DE BRANDAÑAS E BRANDOMIL

Situadas no extremo meridional do termo municipal, lindan co Río Xallas o cal fai de límite co Concello de Mazaricos. Na actualidade a súa configuración mudou a causa do encoro de Fervenza, o cal fixo minguar a extensión superficial, en especial a de Brandañas, coa perda de grande parte do seu espazo agrícola.

As flutuacións estacionarias do encoro producen unha imaxe mudante segundo as distintas épocas do ano facendo que a paisaxe se perciba e se asimile de forma contradicoria.

A parroquia de Brandomil esténdese nunha pequena porción de territorio ao outro lado do Río Xallas, o que fai romper a coincidencia entre límite xeográfico e administrativo. Non obstante este feito adoita ser frecuente cando hai unha ponte de orixe antiga (Ponte de Brandomil) que comunica ámbalas dúas beiras.

A presenza de numerosos restos arqueolóxicos de distintas épocas así como a existencia dunha ruta este-oeste que posteriormente se converteu en Camiño de Santiago evidencia a posición estratéxica deste lugar en relación a un contexto territorial mais amplo.

4.4 A ESTRUCTURA TERRITORIAL DO MEDIO RURAL DE ZAS

4.4.1.- Os condicionantes xeomorfolóxicos.-

Zas é un Concello esencialmente rural onde o medio urbano localízase de forma puntual nos núcleos de Baio e Zas, ambalas dúas á súa vez portadores da herdanza rural pasada.

Non é de estrañar que a organización territorial actual baseada nunha profunda e secular dependencia do medio, como soporte da actividade humana, garde unha estreita relación cos elementos de natureza física e xeográfica.